

## Concello de Outes

---

**Expte.: 501/2018**

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

#### **APROBACIÓN BASES MONITORES DE INVERNO**

MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Outes (A Coruña),

EXPOÑO:

Vista a necesidade do Concello de proceder á contratación dos respectivos monitores para levar a cabo o Programa de Actividades de Inverno;

Vistos os informes e as apreciacións realizadas polos informes dos Servizos de Secretaría e Intervención, que constan no correspondente expediente;

En atribución das competencias conferidas polo artigo 21.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de Alcaldía 116/2018, do 5 de xuño, e aprobar a correspondente convocatoria así como as bases para a contratación dos monitores do Programa de Actividades de Inverno - 2018/2019, que teñen o seguinte tenor literal:

---

#### **BASES SELECCIÓN MONITORES ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS CURSO OUTUBRO/2018-XUÑO/2019.**

##### 1. Obxecto da convocatoria.

Selección por medio de concurso dos monitores dos programas de actividades de inverno que a seguir se relacionan:

a) A tempo parcial coa dedicación, retribución mensual e polo prazo que se indican:

- de **pintura**:

Xornada	5 horas semanais
Retribucións	369,14 € mensuais
Duración do contrato	Outubro 2018 - Xuño 2019

---

**Concello de Outes**

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:

## Concello de Outes

---

- de **baile galego**:

Xornada	5 horas semanais
Retribucións	369,14 € mensuais
Duración do contrato	Outubro 2018 - Xuño 2019

- **deportivo de piragüismo**:

Xornada	10 horas semanais
Retribucións	369,14 € mensuais
Duración do contrato	Outubro 2018 - Xuño 2019

- de **corte e confección**:

Xornada	15 horas semanais
Retribucións	696,47 € mensuais
Duración do contrato	Outubro 2018 - Maio 2019

b) A xornada completa, coa dedicación, retribución e polo prazo que se indica:

- de **manualidades**:

Xornada	40 horas semanais
Retribucións	951,38 € mensuais
Duración do contrato	Outubro 2018 - xuño 2019

### 2. Número de postos de traballo.

Un (1) por cada unha das especialidades que se citan no apartado 1 anterior.

### 3. Tipo do contrato.

Laboral temporal, por servizo determinado, coa dedicación e a duración que se citan no apartado 1 anterior.

### 4. Requisitos.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser cidadáns españois ou de calquera dos estados membros da Unión Europea, ou daqueles outros países aos que, en virtude de tratados internacionais convidos coa citada Unión e ratificados por España ou por virtude de tratado internacional, se lles aplique a libre circulación de traballadores.

b) Ser maiores de 16 anos.

c) Non sufrir enfermidade ou eiva física que lles impida ou atranque o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

d) Que non foran arredados do servizo a ningunha Administración pública por mor de expediente disciplinario nin estean inhabilitados para o exercicio de funcións

## Concello de Outes

---

públicas.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

### 5. Solicitudes.

#### 5.- Documentación.

As persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes á Alcaldía do Concello consonte o modelo que figura como anexo a estas bases, ás que achegarán copia fidedigna do DNI e da documentación xustificativa dos méritos que aleguen, a non ser que xa estivesen en poder do Concello, circunstancia que deberán indicar expresamente.

A falta de acreditación dos méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

De se presentaren a máis dun posto de traballo, sinalarán a orde de preferencia para o caso de resultaren seleccionados para máis dun deles.

#### 5.- Prazo.

Os interesados contarán cun prazo de 5 días naturais para a presentación da correspondente solicitude, contados a partir do día seguinte a aquel no que a presente convocatoria sexa publicada na páxina web e no taboleiro de edictos da Corporación.

#### 5.3.- Lugar.

As solicitudes poden presentarse:

1.- Dixitalmente, a través da sede electrónica do Concello, na seguinte dirección: <http://outes.sedelectronica.gal>

Esta sede é accesible directamente a través do portal do Concello <http://www.outes.es>;

2.- Presencialmente, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas ou en calquera dos demais medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## Concello de Outes

---

### 6. Admisión.

A Alcaldía aprobará as listas provisorias de candidatos admitidos e non admitidos, que se publicará na páxina dixital e no taboleiro de edictos da Corporación, dando un prazo de dous (2) días hábiles para a súa subsanación.

### 7. Méritos do concurso:

a) Cursos, xornadas e seminarios de **formación** referentes ao posto de traballo que se convoca ou relacionados con el: ata 0,10 por curso e ata un máximo global neste apartado de 2,00 puntos.

b) Experiencia profesional: por cada mes de servizos propios do posto de traballo no Concello de Outes, 0,25; e noutras Administracións públicas, 0,20. A puntuación máxima por este apartado é de 3,00 puntos.

c) Entrevista curricular coa finalidade de avaliar a adecuación do candidato ao posto de traballo e o seu coñecemento do medio: ata un máximo de 2,00 puntos. Se o número de aspirantes non supera o de prazas ou á vista da cualificación dos outros méritos non se fose alterar a orde da lista de candidatos propostos, o tribunal poderá prescindir da entrevista ou non convocar a ela aos aspirantes que, por mor da súa puntuación no resto dos méritos, non tivesen a posibilidade de acadar os cinco primeiros postos da lista correspondente.

### 8. Proposta de nomeamento e lista de candidatos.

O tribunal clasificará os candidatos pola orde resultante da puntuación global que obteñan e propondrá a contratación do primeiro deles. Cos seguintes candidatos constitúese unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas. A proposición do tribunal e a lista de candidatos publicarase na páxina dixital e no taboleiro de edictos do Concello.

Os aspirantes seleccionados presentarán, no prazo de cinco días naturais, o certificado médico de non padecerem enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes e certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

- 1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para atendelo requirimento e presentar a correspondente documentación .

De non facelo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e

## Concello de Outes

---

pasándose ó seguinte candidato na bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

### 9. Tribunal calificador.

Titulares:

- Míriam Naveira Dono.- Presidenta
- Andres Busto Allo.- Secretario
- Berta Buján Casanova.- Vocal
- Juana Pedrosa Leis.- Vocal
- Santiago Severino Nieto Romarís.- Vocal

Suplentes:

- Manuela Barcia Vázquez
- Rosa María Moledo Paz
- Sonia Sofía Pérez Figueira
- María Teresa Abelleira Dans
- Silvia Molinos Vázquez

Os anteditos membros terán dereito as indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do R. D. 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos o tribunal inclúese na categoría 2ª do artigo 20 da antedita norma.

### 10. Remuneración e formalización do contrato.

A retribución mensual é a que se sinala no apartado 1 anterior e os contratos formalizaranse por escrito consonte o artigo 6 do Rd 2720/1998, do 18 de decembro.

### 11. Normativa reguladora.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das

## Concello de Outes

---

Administracións públicas. O contido da relación laboral réxese polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e polo Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e as súas disposicións complementarias.

### 12.- Publicidade da convocatoria.

Esta convocatoria publicarase na páxina web, no taboleiro de anuncios e nun xornal de mais tirada na comarca.

---

### **ANEXO I.-MODELO DE INSTANCIA**

Selección de traballadores para desempeñar as funcións de monitores socioculturais curso 2018/2019.

D./Dna. \_\_\_\_\_,

DNI.nº \_\_\_\_\_, enderezo a efectos de notificacións en

---

Telefono:

Correo electrónico:

Sinale un medio de notificación preferente

- electrónico
- papel

DECLARO:

PRIMEIRO.-Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas nelas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.-Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións correspondentes á praza á que opto e non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

TERCEIRO.- Non estar inscrito no Rexistro Central de delincuentes sexuais e

---

## Concello de Outes

---

comprométome a presentar certificación negativa no caso de ser seleccionado/a.

En relación co indicado, SOLICITO:

Ser admitido para participar no procedemento de selección de:

- Monitor de pintura
- Monitor baile galego
- Monitor de piragüismo
- Monitor de corte e confección
- Monitor de manualidades

, para o que presento a seguinte documentación:

Outes, \_\_ de \_\_\_\_\_ 2018.

### **SR. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE OUTES**

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da presente resolución, para a súa ratificación, na primeira sesión que se celebre con posterioridade.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente proceso na páxina web, no taboleiro de edictos municipal, así como nun xornal de maior tirada na comarca.

Outes, na data que figura á marxe.

Perante min,

A Alcaldesa-Presidenta

D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal.

A Secretaria da Corporación,

D<sup>a</sup> Míriam Naveira Dono.

---

*Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-*

---

### Concello de Outes

## Concello de Outes

---

*Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.*

---

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**